CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas dos animais máis comúns.	TI	35
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos de seres animais utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	TI	35
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas,		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:

Contidos

- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, prototista, fungi, vexetal e animal.
- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas
- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).
- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
7	As plantas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos e chegando a conclusións fundamentadas	PE	70
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.		
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen as plantas máis comúns.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos de plantas utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	TI	30
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.

Contidos

- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.
- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas
- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).
- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
8	Os ecosistemas	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos	PE	65
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.		
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer hábitos sostibles analizando as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas	TI	35
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:

Contidos

- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu¿).
- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.
- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.
- Os ecosistemas:
 - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.
 - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.
 - Exemplos da contorna.
 - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.
 - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización do Proxecto E-Dixgal, Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

*** TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS**

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

*** DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

*** TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs xa que a materia de Bioloxía e Xeoloxía é unha materia E-Dixgal, ademais proxectaranse vídeos, realizaranse moitas tarefas co ordenador (presentacións, táboa de datos, cuestionarios, búsqueda de información), clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas, simuladores e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores E-dixgal alumnado e profesorado
Libro dixital editorial Netex (dentro do proxecto E-Dixgal)
Cuestionarios, tarefas dentro del EVA, correo/drive do @iesdecatabois.gal
Fichas de actividades
Dotación aula (encerado dixital, tradicional, ordenador aula, carros de carga)
Laboratorio (instrumentos e materiais propios)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula E- Dixgal convenientemente equipada cun encerado dixital interactivo, ordenador de aula, cañón , carro de carga, ordenadores dos alumnos e encerado tradicional.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o ordenador E-Dixgal, o libro dixital de Bioloxía e Xeoloxía da editorial Netex que estará disponible na plataforma EVA, e o caderno,. Moitas das actividades serán realizadas a través da plataforma EVA e outras no propio caderno e en recursos impresos como fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as

actividades de reforzo e ACS e de ampliación específicas para cada alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	10	8	12	100
Proba escrita	60	60	70	75	65	65	70	65	66
Táboa de indicadores	40	40	30	25	35	35	30	35	34

Criterios de cualificación:

- Exames. Representarán o 80 % da cualificación
Realizaranse polo menos dous exames en cada avaliación sobre os contidos traballados.
- Traballo. Representará un 20 % da cualificación. Valoraranse:
Actividades diarias da aula
Traballos propostos a través da E-Dixgal
Prácticas de laboratorio
- En consecuencia a obtención da cualificación de cada avaliación realizarase do seguinte xeito:
Cualificación de cada avaliación = [(Nota media dos exames x 0,8) + (Nota media dos traballos x 0,2)]
A avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acadara unha cualificación igual o superior a 5 en algunha avaliación, deberá realizar un exame de recuperación que versará sobre todos os contidos impartidos durante a avaliación suspensa, a nota en este caso da avaliación será o 100% a nota do exame sempre que ésta sexa superior á inicial.
No mes de xuño o alumnado que non acadara unha nota igual o superior a 5 na media aritmética das tres avaliacións poderá realizar un exame final de recuperación sobre todos os contidos impartidos durante todo o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior. O que si pode ocorrer é que o alumno ou alumna teña promocionado dende o último curso de Educación Primaria sen ter superado a correspondente materia de Ciencias da Natureza. De suceder isto, realizarase un seguimento individualizado do alumno ou alumna a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Para os alumnos/as que se atopen cursando 2º, 3º ou 4º da ESO coa materia suspensa tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes. Estas medidas consisten na elaboración por parte do alumnado de tres boletines de actividades e un exame sobre os contidos traballados en cada boletín. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Exames: A nota desta proba representará un 70% da nota final de cada avaliación.
- Actividades: A realización das actividades e a súa entrega, para a corrección, nas datas fixadas representará ata un 30% da nota da avaliación.

A cualificación da avaliación final establecerase mediante a nota media das tres avaliacións, no caso de que esta nota media sexa inferior a 5 o alumnado deberá realizar unha proba escrita de todos os contidos da materia no mes de xuño.

Todos os alumnos coa materia pendente de 1º de Bioloxía e Xeoloxía recibirán un informe individualizado coas datas de entrega das actividades, as datas dos exames así como os contidos, metodoloxía e criterios de cualificación. Ademais deixarase constancia da recepción do mesmo por parte das familias.

6. Medidas de atención á diversidade

O decreto de atención á diversidade define medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan do noso centro. Como norma xeral se adoptarán como primeira opción as medidas ordinarias e, unha vez esgotadas estas, levaranse a cabo as extraordinarias.

En 1º ESO as necesidades educativas que temos ao inicio de curso son: 2 alumnxs repetidores, 2 alumnxs con ACS e 1 alumnx a valorar se precisa ACS, 2 alumnxs con dixlexia, 2 alumnx con TEA, 1 alumnx con protocolo de risco suicida, 2 alumnx con TDAH e varios alumnxs que posiblemente necesitarán un reforzo educativo

Así mesmo, e debido ás particulares características do alumnado anteriormente citado, propóñense as seguintes pautas básicas de actuación consensuadas co departamento de orientación:

a) Atención a alumnos con Adaptación curricular.

Ao alumnado con adaptación curricular (ACS) facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e tarefas prácticas que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos e as competencias básicas. As fichas prácticas serán corrixidas e valoradas. Realizaranse tamén probas escritas e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que para o curso correspondente, concretados na correspondente adaptación curricular.

b) Atención ao alumnado con Dislexia

- Situación do alumnado na aula. Sentalo nun lugar no que poidamos ter vixilancia continua. Elixir para el compañeiros que lle poidan axudar a realizar tarefas, e tomar anotacións e que non o distraian.

- Realizar mapas conceptuais de cada unidade

- Utilizar unha tipoloxía de letra, tamaño e interlineado axeitada nas probas escritas e actividades.

- Non copiar enunciados de actividades

c) Atención o alumnado con TDAH.

Dentro da aula se introducirán adaptacións ambientais e metodolóxicas que poidan beneficiar tanto ao alumno con TDAH coma ao resto do grupo, que son:

- Situación do alumnado na aula. Sentalo nun lugar no que poidamos ter vixilancia continua, preto do profesor e lonxe de distraccións. Elixir para el compañeiros que lle poidan axudar a realizar tarefas, tomar anotacións e que non o distraian.

- Manter un ambiente estruturado, con rutinas estables, motivador, e predicible. Co obxectivo de que o alumno saiba o que ten que facer en cada momento e se sinta seguro na aula. É bo utilizar material visual para recordar o alumno

en que momento do traballo de clase nos encontramos.

- Tarefas e deberes. É conveniente reducir e fragmentar as actividades. Utilizar un formato simple e claro. Supervisar os exercicios a medida que os remata e asegurarse de que coñece as tarefas que ten que realizar. Aconséllase utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral e variar os exercicios. Non sobrecargar de tarefas para casa o alumno, seleccionar ben aquelas actividades que se consideren máis importantes.

- O traballo na aula. Asegurarse de que entendeu o que se lle pide, establecer contacto ocular con frecuencia e dar as instrucións dunha nunha. Advertir individualmente ao alumno dos cambios de actividade. Resaltar a información importante aumentando o ton de voz, utilizando cores ou tamaños da escritura, etc. Incluírse actividades que poidan resultar máis motivadoras e utilizarse o reforzo inmediato dos progresos do alumno. Negociar co alumno os períodos de atención individual e grupal, segmentando aquelas tarefas máis longas ou difíciles.

- Exames e probas escritas. O texto dos exames presentaráselle escrito e resaltando as partes máis importantes de cada cuestión e a unha sóa cara. As preguntas serán breves e pechadas. Convén ir indicando ao alumno que controle o tempo e vaia repasando o realizado.

- Uso da axenda. O profesorado fomentará o uso da axenda xa que pode cumprir tanto o obxectivo de axudar ao alumno a levar ao día as súas tarefas coma o de servir de canle de comunicación coa familia.

- Estratexias para mellorar a conduta. Utilizar o reforzo positivo de comportamentos axeitados ou as súas aproximacións; evitar as recriminacións verbais; ignorar os comportamentos de levantarse, removeirse no asento; permitir ao neno momentos de desafogo erguéndose, facendo algún recado; establecer consignas non verbais co alumno para advertirlle do incumprimento dalgunha norma, etc.

d) Atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Para este alumnado levarase a cabo un reforzo educativo que consistirá e incidir sobre os mínimos programados para a materia correspondente. O seguimento deste alumnado será de xeito continuo e a periodicidade deste reforzo será diario

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á área recreativa de Pedroso	Saída á área recreativa de Pedroso para recoller castañas para realizar un magosto no centro	X		
Visita ao museo de Historia Natural de Ferrol	Actividade cuxo obxectivo principal desta visita será a observación de rochas e minerais, así como dos diferentes grupos de seres vivos alí expostos nos seus ecosistemas.		X	
Loita contra a Emerxencia Climática CEIDA	Actividade no centro educativo sobre a problemática da emerxencia climática. Presentación breve onde se expón de maneira sinxela e amena as causas e consecuencias do cambio climático, as súas evidencias en Galicia, adquirir conciencia do noso impacto persoal e como podemos adaptarnos ou tentar mitigar os seus efectos. Obradoiro sobre a pegada ecolóxica, onde cada alumno/a calculará a súa pegada mediante un sinxelo test onde recollerán datos sobre a súa vida cotiá, farase un debate en base aos resultados obtidos por cada un e poñerase en valor a importancia de minimizala.		X	
Obradoiro do lixo mariño coa asociación CEIDA	Actividade no centro educativo sobre a problemática do lixo mariño. Presentación breve onde se expón de maneira sinxela e amena as causas e consecuencias do problema dos residuos nos océanos, en particular dos plásticos dun só uso, adquirir conciencia do noso impacto persoal e como podemos reducir ou tentar mitigar os seus efectos. Revisión do estado dunha praia e limpeza: Visita a unha praia cercana ao centro educativo onde realizamos un inventariado dos residuos que podemos atopar na praia, anotando nunha ficha o tipo e cantidade de cada un deles. Ó remate calculando o seu peso e traballándoo en base ao común que pode ser cada tipo de residuo, os que poden sorprender, etc.			X
Ruta guiada polo espazo " Parque Natural das Fragas do Eume" CEIDA	Coñecer un espazo natural protexido da nosa contorna			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Selección e temporalización das unidade didácticas foi axeitado
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguimento do progreso do alumnado
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos
Proporcionáronse procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia
As actividades complementarias (no caso de habelas) cumpriron os obxectivos cos que foron propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos materiais foron axeitados
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención das NEE foron axeitadas
O programa PROA + foi efectivo a pesar de ser unha soa sesión á semana
Clima de traballo na aula
A participación do alumnado foi axeitada e activa
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación
Existiu coordinación entre os distintos docentes
Outros
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu proceso de cualificación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a programación didáctica. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

- O seguimento da programación realizárase no apartado correspondente do PROENS.
- Terase en conta as reunións trimestrais do equipo docente e as reunións mensuais dos membros do departamento
- No tocante as unidade didácticas revisarase a temporalización tendo en conta a data de inicio e fin de cada unidade, o número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da programación con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.
- Actividades complementarias realizadas ou non en caso de habelas

9. Outros apartados